# Adianto nas redes de “Virada por Avante”, o próximo disco de Xosé Constenla.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 22 Decembro 2015 08:33



As principais plataformas de distribución dixital (itunes, Spotify, Youtube, amazon, Movistar...) incorporarán este martes, 22 de decembro, o primeiro single de **Virada por Avante,** título do próximo disco do músico compostelán Xosé Constenla.
Titulado '**A luz entre a desorde**', trátase dunha das composicións máis intimistas das que integran o álbum, aínda que neste caso mestúrase a parte máis sentimental cun enfoque tamén de loita social. En palabras de Constenla, é " *o tema que mellor recolle o meu estado de ánimo cando compuxen os temas do disco; sair da penumbra dun tugurio agochado e descubrir que a vida continua e que está aí para enchela de contido* "

Ademais do lanzamento polas canles de distribución dixital do single, Xosé Constenla tocará en acústico o tema en Bombarda Zapatería (Praza de San Agostiño, 3) ás 14:00h, actuación que se poderá seguir en streaming a través dun link colgado na web www.xoseconstenla.com.
**Virada por Avante** é o cuarto disco de Xosé Constenla e foi producido por Fredi Marugán e masterizado nos Staterooms Studios por Oscar Herrador.
Ambos teñen traballado ao longo da súa traxectoria con artistas do panorama estatal e internacional (Ismael Serrano, Miguel Ríos, Joan Manuel Serrat, Enrique Iglesias, Compay Segundo, Antonio Vega ou Pedro Guerra, entre outros).
De '**Virada por Avante'**, que se lanzará no primeiro trimestre do ano 2016, Fredi Marugán destaca o son a 'folk rock' americano que desprenden os 11 temas que o integran.